



Destinatario/a:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

DO CONCELLO DE CARRAL

Praza Campo da Feira, 1

15175 Carral A Coruña

EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA

Obra: Senda na AC-542 en Ordes

Clave: AC/23/204.06

Termo Municipal: Carral

En cumprimento do disposto no artigo 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957, remítolle a vostede, para o seu coñecemento e publicación no correspondente taboleiro de anuncios:

- Exemplar do anuncio enviado con esta data para ser inserido no Boletín Oficial da Provincia, relativo ao levantamento das actas previas á ocupación e a formalización das actas de ocupación correspondentes ao expediente de expropiación forzosa por mor da obra que se indica na cabeceira.
- Listado que contén a relación de propietarios.

O dito acto terá lugar:

Levantamento das actas previas á ocupación:

- Lugar: sala de xuntas do concello de Carral
- Data: 21 de setembro de 2026
- Hora: ás 12:45 horas

Formalización das actas de ocupación:

- Lugar: sala de xuntas do concello de Carral
- Data: 17 de novembro de 2026
- Hora: ás 11:45 horas

De acordo co disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954, deberá comparecer a dito acto vostede ou a persoa en quen delegue. No suposto de que delegue nun concelleiro/a, deberá facer o nomeamento que no seu caso corresponde, e notificalo a este servizo.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Felipe de la Vega Gándaras

Xefe do Servizo Provincial da Coruña

SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Rúa de Vicente Ferrer 2, 8º andar 15071 A Coruña

981 182 475 - 981 184 873 – 881 881 314

<https://sede.xunta.gal/portada>

